

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DUNHA OBRA COMPILATORIA PARA A PROMOCIÓN DO XACOBEO 2021

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, D. _____, na súa condición de Apoderado Xeral da **S.A.M.I. Catedral de Santiago**, en virtude do nomeamento elevado a público ante o notario D. _____ na cidade de Santiago, protocolo nº 417, de data 27 de abril de 2015, actuando así en representación da S.A.M.I. Catedral de Santiago.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento,

mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión dos produtos turísticos da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

Terceiro.- Que pola SAMI Catedral de Santiago impulsarase a realización de publicacións, accións e actuacións de divulgación da cultura Xacobeana e do Camiño de Santiago, en concreto a elaboración dunha obra compilatoria que axude a unha comprensión integral da Domus Iacobi: explique a complexidade e excelencia do proceso construtivo do conxunto catedralicio, das circunstancias e evolución da súa materialidade física ao longo dos séculos, e da relación material e inmaterial entre o templo, cidade e o Camiño de Santiago, completada cun rigoroso diálogo interdisciplinar entre historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos e restauradores, e enriquecida cunha reflexión compartida con outras disciplinas humanísticas e teolóxicas.

A Catedral de Santiago foi obxecto de gran número de estudos e análises que, profundando en aspectos da súa concepción, construción, estética e sentido, focalizáronse en elementos parciais, ou en períodos concretos da súa xa milenaria historia. En moi escasas ocasións, o obxecto de estudo foi a catedral como un todo, ou o punto de vista, unha visión integral, no sincrónico e diacrónico, do templo.

Un fito desas escasas aproximacións integrais foi o traballo de K. J. Conant e tal antecedente anima o novo proxecto, que, tamén, quere ser homenaxe a aquel empeño meritorio. Ao mesmo tempo, a intensidade e amplitude das intervencións que se acometeron no Templo desde o ano 2011 en execución do seu Plan Director de restauración e conservación, fan necesario aproveitar a información derivada delas para documentar os traballos realizados e completar e enriquecer o acervo analítico sobre a historia do templo, xa non só en función de estudos e aproximacións hipotéticas ou especulativas ante a ausencia de datos de campo, senón baseadas na súa realidade construtiva á que se pode acceder a través da acción restauradora e conservadora.

Cuarto.- Que a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral responde ao interese común de ambas as dúas partes na divulgación da cultura Xacobeana e do Camiño de Santiago, e que contribúen a promoción do Camiño de Santiago e da comunidade Autónoma de Galicia.

A obra descrita no expoñendo anterior responde ao interese de dar a coñecer ao público en xeral a Catedral e as obras de rehabilitación que se realizaron, supoñendo unha obra única que contribúe a proxección da Catedral, de Santiago e de Galicia. Proxecto que forma parte de todas as actividades previstas para a celebración do Ano Santo Xacobeo 2021.

A celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzamento da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia comunidade, e leva consigo un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.

Así, a organización deste evento supón a planificación, programación e desenvolvemento de actuacións en materia de cultura, educación, turismo, sanidade, protección civil, patrimonio, infraestruturas, etc, entre as que se atopa esta obra compilatoria única sobre a Catedral de Santiago, meta do Camiño de Santiago.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa SAMI Catedral, única entidade que pode desenvolver o seu obxecto, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago para a elaboración dunha obra compilatoria que axude a unha comprensión integral da Domus Iacobi: explique a complexidade e excelencia do proceso construtivo do conxunto catedralicio, das circunstancias e evolución da súa materialidade física ao longo dos séculos, e da relación material e inmaterial entre o templo, cidade e o Camiño de Santiago, completada cun rigoroso diálogo interdisciplinar entre historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos e restauradores, e enriquecida cunha reflexión compartida con outras disciplinas humanísticas e teolóxicas.

A obra estará composta de dous tomos:

TOMO I.- A Catedral de Santiago: unha visión integral.

- A catedral de Santiago: Pensamento e espiritualidade

- Historia da catedral e a súa arte

- A catedral como construción: o palimpsesto catedralicio (homenaxe a K. J. Conant)

- A catedral e a evolución da cidade de Santiago de Compostela e dos camiños.

TOMO II.- A restauración e conservación da catedral (2011-2027)

- Do Plan Director á reprogramación das intervencións previstas nos convenios entre o Ministerio de Facenda, Xunta de Galicia e a Catedral.

- Arquitectura e luz na catedral.

- As cuestións ambientais.

- A restauración do aparello lígneo, pinturas, rejerías e mármore.

-A restauración do Pórtico da Gloria.

-Catedral e Patrimonio.

METODOLOXÍA

O Tomo I vaise abordar coa seguinte metodoloxía:

PRIMEIRA FASE, a realizar entre xullo e decembro de 2018:

-O conxunto dos estudosos convocados a participar no proxecto (8 historiadores e historiadores da arte especializados nos períodos medieval, moderno e contemporáneo; un teólogo e un investigador museolóxico) elaborarán doce estudos sobre un aspecto específico da historia ou a arte da catedral, dunha extensión de aproximadamente 70 páxinas cada un, no que decantarán o seu coñecemento acumulado sobre o tema que se lles propuxo.

-Pola súa banda, os arquitectos que interviñeron nas actuacións de restauración (8 equipos), documentarán as súas intervencións e os datos sobre a dimensión construtiva do templo que se obtiveron delas en sete estudos analíticos de ao redor de 30 páxinas cada un e cos materiais gráficos necesarios.

SEGUNDA FASE, a realizar entre xaneiro e abril de 2019:

Co coñecemento por parte dos participantes do traballo realizado por todos e cada un deles, levarán a efecto tres seminarios, de dúas xornadas de duración, un sobre a Historia e a arte da Catedral; outro sobre a catedral como construción e outro sobre a catedral e a evolución da cidade de Santiago e os camiños, coordinados por un responsable.

Aos seminarios, se se considera conveniente, poderán ser convidados estudosos ou expertos que non participasen na elaboración dos estudos encargados pero que poidan enriquecer a visión que se deriva deles.

O obxectivo deses seminarios será o de poñer en común as achegas de cada especialista para os efectos de revelar o fío de continuidade e a fusión das achegas especializadas nun discurso integrador, que é o obxecto do proxecto.

TERCEIRA FASE, a culminar no primeiro semestre de 2019:

Coas conclusións dos seminarios, procederase a redactar un primeiro borrador do texto do tomo por parte do coordinador xeral do proxecto.

CUARTA FASE, a realizar no segundo semestre de 2019:

O borrador será distribuído entre todos os especialistas e arquitectos participantes para que o analicen e supervisen, propoñendo as correccións que estimen oportunas, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2019.

Con esas achegas, os coordinadores de cada parte e o coordinador xeral do tomo, elaborarán a versión final no último trimestre de 2019.

Pola súa banda, o Tomo II abordarase da forma seguinte:

PRIMEIRA FASE, a realizar no primeiro semestre de 2019:

Os arquitectos e técnicos participantes (os 8 equipos que interveñen no primeiro tomo e 7 técnicos que realizan as achegas sectoriais definidas no índice), elaborarán e entregarán os seus estudos técnicos complementarios.

SEGUNDA FASE, a realizar no segundo semestre de 2019:

O coordinador e o equipo de apoio, integrarán todas as achegas na versión final do Tomo.

En 2020 levarase a efecto a edición e produción conxunta dos dous Tomos, con unidade de deseño editorial e como partes do mesmo proxecto.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a **210.000,00.-€** (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

ACCIÓNS	2018	2019	2020
Obra compilatoria das obras da catedral (honorarios de redactares, coordinación,	50.000€	100.000€	60.000€

seminarios, traballos de refundición , redacción, edición, produción)			
TOTAL	50.000€	100.000€	60.000€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de 210.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para os anos 2018, 2019 e 2020, co seguinte desagregamento:

Anualidade 2018: 50.000€

Anualidade 2019: 100.000€

Anualidade 2020: 60.000€

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da SAMI Catedral de Santiago, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade para cada unha das tres anualidades.

Terceira.- Compromiso das partes.

1. A SAMI Catedral de Santiago comprométese a realizar as actuacións descritas na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Xustificar a realización da actividade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e promocionar a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración, así como o logotipo do Xacobeo 2021.
- Entregar á Axencia Turismo de Galicia, un 15% do total de exemplares da obra compilatoria que axude a unha comprensión integral da Domus Iacobi, que se editen.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula segunda.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes. Ambas partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sexta .- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento.
- c) No suposto de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na alínea a).
- d) Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A SAMI Catedral quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa, correspondente a cada unha das anualidades 2018, 2019 e 2020, será o **15 de decembro de 2018, 2019 e 2020**, respectivamente.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento

estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado.

Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A Comisión decidirá os estudos e traballos que se realicen e que formarán parte da obra compilatoria, e no seo da Comisión farase a selección dos contidos dos libros e do persoal técnico que participará no proxecto.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que exixa a normativa aplicable.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

Décima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola SAMI Catedral de Santiago

D^a María Nava Castro Domínguez

D.